

## CONCELLO DE MEIRA

Praza do concello s/n.

27240 Meira

Lugo

Teléf./Fax: 982 330 102/ 982104090

CIF: P2702900H

Enderezo electrónico: concello.de.meira@eidolocal.es

### **PILAR ROZAS ALONSO, SECRETARIA-INTERVENTORA ACCIDENTAL DO CONCELLO DE MEIRA (LUGO)**

#### **CERTIFICO:**

Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o día 31 de agosto de 2020, adoptou entre outros o seguinte acordo que literalmente se transcribe:

#### **APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A REALIZACIÓN DAS OBRAS DE “PRIMEIRA FASE DE ABASTECIMENTO DE AUGA AOS LUGARES DE A LOUSEIRA E A COROTA (MEIRA)”.**

Vista a providencia da alcaldía de inicio do expediente de contratación das obras de “Primeira fase de abastecemento de auga aos lugares de A Louseira e A Corota (Meira)” de data 20 de agosto de 2020 e proposta de aprobación á Xunta de Goberno Local, que copiada literalmente dí:

#### **“PROVIDENCIA DA ALCALDÍA DE INICIO DO EXPEDIENTE DE CONTRATO DE OBRAS DA PRIMEIRA FASE DA REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA AOS LUGARES DE A LOUSEIRA E A COROTA DO CONCELLO DE MEIRA.**

*En maio do 2020, o Concello de Meira solicitou a subvención á Deputación Provincial de Lugo correspondente ao Plan Único do ano 2020.*

*Mediante este programa de cooperación económica coas entidades locais, o ente provincial achega a través de diferentes liñas de investimento, máis de 22 millóns de euros aos concellos da provincia.*

*Ao Concello de Meira correspóndelle a cantidade de 221.916,78 € e que se distribúen en diferentes programas e actividades propostas: obras viais, servizo de axuda no fogar e fomento do emprego.*

*As entidades locais ostentan as seguintes competencias en virtude do disposto nos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985 do 2 de abril, de bases do réxime local, como son as de:*

*1. Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais.*

*O Concello de Meira encargou enxeñeiro técnico don Álvaro Veigas Méndez a elaboración dun proxecto para a dotación dunha rede de abastecemento de auga potable para os núcleos de vivendas sitos nos lugares de A Louseira e A Corota cun valor total (IVE incluído) de 77.315,02 €.*

*O Pleno da Deputación Provincial de Lugo aprobou na sesión plenaria do mes de xullo do 2020 o Plan de Único de Cooperación cos concellos para o ano 2020 e con elo as achegas que lle corresponden ao Concello de Meira para os diferentes proxectos presentados na solicitude.*

*En base a todo o disposto anteriormente, dispoño:*

**Primeiro.-** *Iniciar o expediente administrativo para a tramitación do contrato de obras para a realización da primeira fase do abastecemento de auga aos lugares de A Louseira e A*



*Corota do Concello de Meira.*

**Segundo.-** *Que por parte dos servizos municipais se proceda á redacción dos pregos de cláusulas administrativas e informes preceptivos e necesarios para poder levar a cabo a execución deste contrato de administrativo de obras, tendo en conta o disposto no artigo 13 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos das administracións públicas.*

**Terceiro.-** *Que acordo ao disposto no artigo 159 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, a tramitación do presente procedemento sexa polo e procedemento aberto simplificado e coa tramitación ordinaria”.*

Visto o informe de secretaría e intervención.

Visto o prego de cláusulas administrativas que rexerán a contratación mediante procedemento aberto simplificado, tramitación ordinaria, para a realización das obras de “Primeira fase da rede de abastecemento de auga aos lugares de A Louseira e A Corota (Meira)”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos tres concelleiros asistentes sendo catro o número que legalmente a constitúen en votación ordinaria,

#### **ACORDOU:**

**Primeiro:** Prestar aprobación ao proxecto técnico da obra “Primeira fase da rede de abastecemento de auga aos lugares de A Louseira e A Corota (Meira)”, redactado polo enxeñeiro, Álvaro Veigas Méndez, cun orzamento base de licitación 77.315,02 €, dos que 13.418,31 € corresponden ao IVE.

**Segundo:** Iniciar o expediente de contratación polo trámite de procedemento aberto simplificado, tramitación ordinaria de adxudicación do contrato para a realización das obras de “Primeira fase do abastecemento de auga aos lugares de A Louseira e A Corota (Meira)” por importe total de 77.315,02 € (63.896,71 € correspondente ao presuposto base de licitación e 13.418,31 € en concepto de IVE).

**Terceiro:** Prestar aprobación o prego de cláusulas administrativas que rexerán a adxudicación do contrato.-

**Cuarto:** publicar o anuncio de licitación no perfil do contratante en aras a dar cumprimento aos principios de publicidade e concorrència que deben rexer a contratación administrativa.

E para que así conste e surta os efectos oportunos, expido a presente certificación, coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, de orde e co Visto e Prace do Señor Alcalde, que firmo en Meira a 1 de setembro de 2020.

Visto e prace  
O alcalde  
Antonio de Dios Álvarez

Documento assinado electrónicamente

